

O MANEXO DOS CONTACTOS DOS CASOS DE TOSE FERINA

Deseguido recóllense as recomendacións de manexo dos contactos dos casos de tose ferina, lixeiramente modificadas a respecto das que se recollían nun número anterior de [Venres](#), cunha redacción diferente e cunha referencia explícita aos antibióticos recomendados.

Quimioprofilaxe. A quimioprofilaxe ten como obxectivo limitar a aparición de casos secundarios graves, xa que só se amosou efectiva cos contactos estreitos prolongados, como os domiciliarios, e **nunca cando xa pasaron 21 días** dende que o caso principiou cos síntomas.

Se aínda non pasaron eses 21 días, recoméndase profilaxe a **todos** os contactos estreitos dos casos **só se entre eles hai:** a) un neno vulnerable ou b) unha persoa con maior risco de transmitir a infección a un neno vulnerable.

É dicir, se entre os contactos estreitos do caso non hai ningunha persoa que cumpra con a) ou b), a quimioprofilaxe non está recomendada.

Contactos estreitos son todas as persoas, con independencia da súa idade e do seu status vacinal, que viven no mesmo **domicilio** que o caso e, se este vive nunha residencia, aqueles cos que comparte dormitorio. Outros tipos de contacto avalíaranse individualmente.

Neno vulnerable é todo neno que ten menos de 1 ano de idade e non recibiu 3 doses de vacina fronte á tose ferina.

Persoa con maior risco de transmitir a infección a un neno vulnerable é a que non recibiu unha dose de vacina fronte á tose ferina nos últimos 5 anos e, ademais:

- a) está embarazada de máis de 32 semanas de xestación, para evitar a transmisión ao futuro recén nado; ou
- b) traballa regularmente con nenos vulnerables ou xestantes, como o persoal sanitario ou os que coidan nenos vulnerables.

Antibiótico: No Apéndice amósanse os recomendados para a quimioprofilaxe coa súa posoloxía.

Vacunación: Debe recomendarse a vacinación a quen se lle recomendou quimioprofilaxe, co seguinte criterio:

- aos de menos de 7 anos de idade non vacinados ou parcialmente vacinados, recomendaráselles completar as doses que non teñan de acordo co calendario vacinal.
- aos de 7 a 64 anos de idade que non recibiran unha dose de vacina fronte á tose ferina nos 5 anos previos, recomendaráselles unha dose de dTpa.

Polos problemas do subministro de dTpa [[Venres](#)], a DXIXSP ten unha reserva de doses para os contactos dos casos.

Exclusión: A diferenza do que ocorre cos casos [[ligazón](#)], os contactos asintomáticos dos casos de tose ferina non serán excluídos de centros escolares nin de garderías.

DESCARTADA UNHA SOSPEITA DE CASO DE ÉBOLA EN GALICIA

O día 27 de outubro de 2015, pola tarde, o CHUAC chamou ao SAEG pola sospeita dun posible caso de ébola. Trátase dunha persoa que chegou a Galicia dende Guinea Conakry o día 25 de outubro, e que consultou por un cadro de gastroenterite febril (temperatura termometrada de 39°C).

Os sanitarios que o atenderon, e que deron a alerta, quedaron voluntariamente a cargo da súa atención. Ao día seguinte pola mañá, o 061 trasladou ao doente ao hospital do Meixoeiro, no que permaneceu ingresado en illamento ata que se descartou como caso.

O mesmo 27 de outubro tomouse unha mostra que se enviou ao Centro Nacional de Microbioloxía para descartar o virus do ébola, e deu resultado negativo, feito que se comunicou ás 13.30 horas do día 28.

Mais, como para descartar definitivamente o ébola é preciso unha mostra tomada pasadas 72 horas do inicio dos síntomas, ao doente tomóuselle unha segunda mostra, xa no Hospital do Meixoeiro, que tamén deu resultado negativo, feito que se comunicou ás 14.30 horas do día 29.

Esta sospeita levou a identificación de 29 contactos sanitarios e 28 non sanitarios, cos que se contactou directamente para

explicarlles a situación e informalos en que ía consistir o seguimento [[ligazón](#)].

Cofecido o resultado da segunda mostra, contactouse de novo con eles para comunicarlle e cancelar o seguimento.

Por outra banda, malia que durante os últimos meses o número de casos de ébola ven mingando en Guinea Conakry, e xa son poucos os que se notifican cada semana, o dispositivo de control, aínda que moi mellorado, segue con algunha lagoa.

Por exemplo, dos últimos tres casos notificados, dous non eran contactos rexistrados, e, segundo os datos dispoñibles, actualmente hai 246 contactos en seguimento pero outros 253 permanecen sen localizar.

Pola contra, no outro país con risco de ébola, Serra Leoa, a situación parece mellor, posto que nas últimas cinco semanas non se detectou ningún caso. De seguir así, o vindeiro 7 de novembro será declarada libre de transmisión de ébola.

Para rematar, compre lembrar que as áreas de risco e os procedementos de manexo de casos e contactos pódense consultar na páxina web da DXIXSP [[ligazón](#)].

APÉNDICE

O MANEXO DOS CONTACTOS DOS CASOS DE TOSE FERINA

Antibiótico. Na táboa de abaixo, tomada de *Public Health England* [[ligazón](#)] amósanse os antibióticos recomendados para a quimioprofilaxe dos contactos estreitos dos casos de tose ferina. En liñas xerais prefírese un macrólido distinto da eritromicina, porque son igualmente eficaces e teñen menos efectos secundarios que esta, que se reserva para o embarazo.

Idade	Eritromicina	Claritromicina	Azitromicina	Cotrimoxazol (1)
< 1 mes	Non recomendada (2)	Preferida 7'5 mg/kg	10 mg/kg	Non recomendada antes das 6 semanas de vida.
1 – 12 meses	125 mg	<8 Kg de peso: 7'5 mg/Kg 8-11 Kg de peso: 62'5 mg	De 1 a 12 meses: 10 mg/kg	6 semanas a 6 meses: 120 mg 6 meses a 1 ano: 240 mg
Nenos e rapaces (1 – 14 anos)	1-2 anos: 125 mg 2-8 anos: 250 mg >8 anos: 500 mg	12-19 Kg de peso: 125 mg 20-29 kg de peso: 187'5 mg 30-40 Kg de peso: 250 mg	>1 ano de idade: 10 mg/kg (máximo: 500 mg)	1-5 anos: 240 mg 6-12 anos: 480 mg 13-18 anos: 960 mg
Adultos	500 mg	500 mg	500 mg	960 mg
Embarazadas	Preferida (3)	Non recomendada	Non recomendada	Contraindicado
Vía	Oral	Oral	Oral	Oral
Cada ...	6 horas	12 horas	24 horas	12 horas
Durante ...	7 días	7 días	3 días	7 días

(1) Alternativa se os macrólidos están contraindicados ou son mal tolerados.
(2) Pola súa asociación coa estenose hipertrófica de píloro.
(3) Unha vez valorado o beneficio/risco.